

Jaime Cagiao Rodriguez : In Memoriam

Escrito por Administrator

Mércores, 14 de Outubro de 2009 15:30 - Actualizado Domingo, 07 de Marzo de 2010 20:29



Ao comezar a escribir este recordo veníase a miña mente a vida daqueles anos e nos anos
Ao ler estas tres estrofas nos ollos que se me debágoaste a especial relación que nos foi feita por así

Énchense os ollos de bagoas e cando miro os ollos dos compañeiros decátome de que todos temos o mesmo sentimento e vénseme á mente aquel tempo ..., cando nos coñecemos, haivos xa ben anos. Cruzábanse as nosas rotas ao ir camiño de cadanseu colexio, el na súa bicicleta eu nun coche prestado, outras a pé coa súa boina... e sempre saudándonos, cun sorriso... Agora, logo destes últimos anos xuntos en Ponzos, podo asegurar que a todos os que tivemos a sorte de compartir con el a súa especial maneira de entender a educación, a todos, fóisenos algo de nós con el e dóenos a súa ausencia.

Pero..., como sempre se di, a vida segue e temos que mirar cara adiante e a mellor maneira de facerlle unha homenaxe é aproveitar a esencia do seu paso polo noso corazón, en silencio, como a el lle gustaría, como él se foi...

A Comunidade escolar está de loito, o alumnado, os compañeiros, a ANPA os pais do alumnado... expresamos e compartimos dende aquí o noso pesar a familiares, amigos e compañeiros ... que son moitos, moitos.

Adeus compañeiro.